

**Xente da crise.**

**Lema: ú-la**

*Á gravidade saudosa  
da terra.*

*Devezo coñecer a Revolución do Sentido.*

**Patria?**

teño unha matria con mans de cinza  
onde agroman anduriñas  
díscolas voando por riba das latas de Coca-Cola  
á beira da ría.

Cando marches de aquí hei ter medo  
da sombra do Mandala,  
no cosmos perfecto non atopo camiño descompensado.  
Terei que repensar as formas, a música  
como unha neo-boca dunha nova  
nai. Terei que refacer o que xungue ás voces e  
a relación do bico, o peito e recomezar o corpo morno.  
Previr outra vez a desfeita,  
ese órgano desequilibrado que trepa da cabeza, o meu corpo refuxiado.

Toma o anaco de nós,  
o camiño dos dedos e a liña das peles  
para non caermos atrás.

**Na historia podemos facer como os americanos:  
eles cambian o h de history polo s de  
story.**

**Aquí, nesta minúscula codia da historia, na beira da lámpada acesa e amarela,  
na cortina da ducha aberta e o vapor e a auga  
crebas o fonema mudo  
e bisbas.**

Somos nenas da crise,  
ensináronnos a procurar o espazo nos silencios esparexidos,  
illados,  
das orfas da historia.  
Coa débeda de mastigar neses lugares,  
fillas desherdadas,  
todas as horas do día arredor desta cara  
de nai triste.

**Busco o lugar nado na coxuntura das palmas,  
alí se atopa a pregunta que da lugar á nosa creación, ao tacto.**

**Procuro achegar aos meus dedos o ronsel do primeiro significado. Como creamos?  
Como nos fixemos coas cores que dan sentido ás cousas?  
Agromo a palabra nesta punta da pel, nun dedo con todo o que existe e é meu expectante  
e asustado.  
Cantos lugares aparecen entre as xemas,  
cantos mundos novos?**

**É a intimidade deste mapa.  
Esa república primeira no tacto das mans na lingua.**

**Concibo a Revolución do Sentido apreixada nos dedos.**

**Somos nenas da crise  
apañando do que separa ás aulas o  
crebar do azucré,  
reaprendendo con él, construíndo camiños á beira  
do corpo aberto dun edificio feísta  
sen fecha de lanzamento.**

**Faláchesme, noutro lugar, da idea  
biface que crece e se intercambia e  
se combina no vermello e no branco que nos fai.  
Debuxeime o mapa do metro.**

Toda idea, daquela, foi oculta,  
*underground.*

**Somos nenas da crise.**  
Hai unha promoción inmobiliaria  
na que o edificio aberto de cara e de costas  
é un esqueleto derrotado  
que non coñecerá o olor do  
pan  
da mel  
do aceite  
da canela,  
**da data de rebaixas e promoción exclusiva**  
**da xeración perdida.**

**Perdín a memoria do son no momento más rupturista do Apocalipse,  
abaixo ás músicas do mundo, e, tras iso,  
arrincamos dos dentes o latexar silencioso,  
somos as palabras das vivas que logramos apagar ás máquinas.**

No lugar, nun xesto orgulloso, de mañá, de  
poñernos as sabas espidos, estamos calados.

No espazo do sexo, despois,  
temos medo do *e agora*?

**Esta imaxe da choiva,  
da Venus que me posúe e  
me fai deusa da carne e  
da palabra e  
do Imperio do Corpo.**

**Desexamos bendicir o lugar de  
onde saíron os prantos do mundo e  
poñer nel unha leira inmensa de  
ceo, leite e auga.**

Serías ti se recolleses todos os gumes que acubillan esta nación,  
esta esfera de cousas?

Unhas rapazas xogan ao balón  
fóra, vai vento quente e ule a peixe frito.  
As voces neste cuarto, as reverberadas,  
as de onte, as do descubrimento da esfera e da espiña na boca,  
serías ti?

**Propóste cubrirte de toxos  
dende a raíz ate as palabras  
que terman da boca, tentas abrigarte  
bicándose nas flores de xesta.**

**Aquí, nesta cidade fría de mar, azul e gris e branca,  
prantan na túa memoria palmeiras do Caribe.**

Para ferida a da pomba vella da Alameda,  
a que arrastra unha á rota  
detrás do camión das mudanzas.

Ela  
da pan á pomba todas as mañás pola ventá da cociña,  
desmiga todo o que, para tocalo,  
ten que romperse coas mans.

Pola ventá vemos só a parede dun camposanto baleiro, un recadro branco.  
Nel fixeron, detrás, un parque onde as parellas comen bocadillos.

Despedímonos cunha aperta na cociña,  
coa calor e dúas moscas facendo brincadeiras  
diante dunha foto do Ché e  
un recorte de prensa da Guerra de Siria.

**Na mesa con mantel de papel vermello, dos de usar e tirar, hai pan,  
hai pratos sucios, papeis, manchas de graxa.  
Nesta casa debeu vivir hai anos un matrimonio.**

Digo esta palabra en voz baixa, miro derredor,  
atopa o son acubillo no pan curtado, nos cubertos e na  
billia.

**Un matrimonio de Lagarto e Don Limpio (xabón - ollos - xabón)**  
ou Norit, de cando esta casa vella era nova e  
se limpaban as baldosas do chan e  
o espazo que hai entre elas.

Eles dous, dous lombos con olor a leixivia e  
suavizante.

**Todo isto,  
as paredes azuis, o sol queimando os pés no chan, a fronte a lamber  
o que me lembra da auga perdida, da forma do meu íntimo.**

**Todo isto, ou como son eu  
provocando o tacto no seu lombo.**

Isto era a despedida: un inmenso muro de cal e fariña que apreta.

Ela e el choran, están collidos polos cóbados, polos arrinques da súa pel  
mollada na cociña sen bandeiras e azulexo de flores laranxas.  
Rodeados de pementos, olor a aceite, vasos, bocas de peixe na táboa de madeira,  
post -its e a porta da casa  
sen pechar.

Isto era a despedida.